

ACORDO DE TRANSFERENCIA DE ORZAMENTO PARA A REALIZACIÓN POLOS SOCIOS DAS ACTIVIDADES INCLÚIDAS NO PROGRAMA EURES TRANSFRONTEIRIZO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia (en diante, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración)

Doutra parte, Mario Mourão e Daniel Matos en calidade de Secretario Xeral e de Tesoureiro, respectivamente, da União Geral de Trabalhadores de Portugal, en nome e representación da dita entidade segundo Acta do seu XIV congreso (en diante, a Entidade).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; establecen que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é a consellería á que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito laboral, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, orientación e promoción laboral.

Que polo Real Decreto 1375/1997, do 29 de agosto, foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión realizada polo INEM no ámbito do traballo, emprego e formación, transferencia que foi efectivamente asumida pola Consellería de Emprego,



Comercio e Emigración en virtude do Decreto 289/1997, do 9 de outubro, en relación co Decreto 147/2024, do 20 de maio polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que como consecuencia da transferencia citada, é a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, a responsable de levar a cabo as accións de intermediación no mercado de traballo e, en concreto, as relativas á inscrición e rexistro de demandantes de emprego e das ofertas de traballo, rexistro de contratos, autorización de axencias de colocación e Rede EURES.

Dentro da Rede EURES atópase o servizo EURES-Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, que ten como obxectivo mellorar a transparencia do mercado de traballo transfronteirizo e facilitar a mobilidade dos traballadores entre as zonas fronteirizas de Galicia e o Norte de Portugal.

Segundo. Que o EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal foi creado con data 15.12.1997 mediante a sinatura dun convenio marco de colaboración entre os socios.

O Convenio Marco de colaboración vixente de data 18.03.2021 foi asinado por todas as partes integrantes con vixencia ata 31.12.2023 prorrogable automaticamente por períodos de 4 anos.

Dito convenio establece en base á Decisión 2012/733/CE da Comisión do 26 de novembro de 2012, o obxectivo de mellorar a transparencia do mercado de traballo transfronteirizo e facilitar a mobilidade dos traballadores entre as zonas fronteirizas de Galicia e o Norte de Portugal.

O artigo 1º do Convenio Marco especifica a necesidade de acadar conxuntamente os obxectivos entre todos os socios. De acordo co seu artigo 5º as actividades transfronteirizas serán incluídas nos programas de traballo anuais das Oficinas Nacionais de Coordinación para asegurar a coherencia das actuacións, tal como prescriben os artigos 30 e 31 do Regulamento UE 2016/586 relativo a unha rede europea de servizos de emprego (EURES). O artigo 13 establece que os servizos públicos de emprego de Portugal e Galicia alternativamente serán os únicos beneficiarios da contribución da Comisión Europea e procederán á distribución dos fondos financeiros entre os signatarios de acordo co Programa anual de traballo e o Acordo de Subvención

Terceiro. O Acordo de Subvención para o Proxecto 101139806 – EURES-T G-NP 24-25 suscrito entre a Comisión Europea e os socios do programa Eures-T G-NP establece os dereitos e obrigas aplicables á subvención concedida para o citado período, correspondendo á Xunta de Galicia o papel de coordinador, a quen corresponde

distribuír os pagamentos recibidos da autoridade outorgante aos demais beneficiarios (art.7 e 22). Os pagos efectuaranse de acordo co recollido no punto 4.2 e o artigo 22.



Cuarto. A Entidade ten a condición de socia da estrutura Eures transfronteirizo Galicia Norte de Portugal e é beneficiaria da subvención da Unión Europea formalizada mediante o Acordo de Subvención para o Proxecto 101139806 – EURES-T G-NP 24-25

Quinto. A existencia de expedientes financiados con subvencións da Unión Europea nos que a actuación da Comunidade Autónoma non implica uha verdadeira actividade de xestión por non determinar as condicións necesarias para o seu dereito nin a decisión final sobre os beneficiarios das mesmas, limitándose á realización de tarefas de intermediación e a prestación dos servizos de caixa, permite que as respectivas operacións se tramiten extraorxamentariamente facilitando a axilidade e rapidez no pago das axudas, de acordo co previsto no artigo 46.4 do TR da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DL 1/1999, de 7 de outubro)

En virtude do anterior, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente acordo conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do acordo

O presente acordo ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a entidade União Geral de Trabalhadores de Portugal para a realización das seguintes actividades incluídas no Acordo de Subvención do Proxecto 101139806 – EURES-T G-NP 24-25 suscrito entre a Comisión Europea e os socios do programa Eures-T G-NP para a concesión da subvención comunitaria destinada ao EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal:

- **Work Package 3.** Servizos de Información e Orientación para Demandantes de Emprego, Traballadores e Empregadores
 - Custo Total: 12.271,83€ Custo Subvencionado: 11.658,24€
 - Relación de Actividades:
 - 3.1. *CROSSBORDER ONE STOP-SHOP*
 - 3.2.1. *INFORMATIVE SESSIONS for WORKERS of CROSSBORDER G-NP COMPANIES*
 - 3.2.2. *NETWORK of TRADE UNION LEGAL ASSISTANCE*
 - 3.5. *PRESENTATION of the "STRATEGY for YOUTH EMPLOYMENT*

- **Work Package 4.** Observatorio da Mobilidade Laboral Transfronteiriza e Identificación de Obstáculos para unha Mobilidade Xusta
 - Custo Total: 30.453,27€ Custo Subvencionado: 28.930,61€
 - Relación de Actividades:
 - 4.2.1. *WORKING GROUPS (S.Security & Labor Legislation) to IDENTIFY and OVERCOME OBSTACLES to MOBILITY*



4.2.4. ANALYSIS of LABOUR RELATIONS in the EUROREGION

4.2.5. REMOTE WORK and TELEWORKING in the EUROREGION

Segunda. Desenvolvemento das actividades

O desenvolvemento das actividades relacionadas na cláusula primeira rexerese, en canto ao seu contido, importe, prazos ou calquera outro aspecto, polo establecido no Acordo de Subvención así como polas instrucións e normas de xestión emitidas pola Comisión Europea que resulten de aplicación.

Terceira. Vixencia

A vixencia do presente acordo comezará a partir da data da súa sinatura e expirará o 31 de marzo de 2026. Son subvencionables todas as actividades realizadas dentro do período elixible que abarca dende o 1 de abril de 2024 ata o 31 de marzo de 2026, sen prexuízo do que establezan as normas de xestión que emita a Comisión Europea.

A posibilidade de prórroga do presente acordo está condicionada á modificación das condicións da axuda concedida pola Unión Europea e ás normas de xestión que no nome desta emita a Comisión Europea.

A denuncia terá que efectuarse mediante comunicación á outra parte, por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as accións xa iniciadas.

A modificación do contido do acordo requirirá acordo unánime dos asinantes.

Cuarta. Compromisos das partes

A entidade comprométese a:

- a) Respetar o establecido no Acordo de Subvención entre a Unión Europea, a Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia (agora Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) e o resto de socios beneficiarios para a realización do Proxecto 101139806 – EURES-T G-NP 24-25.
- b) Realizar as actividades subvencionadas de acordo co previsto no Acordo de Subvención e as normas de xestión que emita a Comisión Europea.
- c) Presentar os documentos que xustifiquen a realización de cada unha das actividades e os documentos que xustifiquen os gastos nos que se incorrera dentro dos prazos sinalados.
- d) Someterse ás actuacións de supervisión e control que en calquera momento poidan determinar os servizos competentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, das distintas unidades de xestión nacionais e da Unión Europea, tanto no que se refire ao desenvolvemento das actividades como á súa

xestión e tramitación administrativa e documental e á acreditación dos gastos e os pagamentos realizados.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a realizar as comprobacións oportunas, directamente ou por medio da Oficina de Coordinación Eures-T G-NP, e aboarlle á entidade os importes concedidos pola Unión Europea para o desenvolvemento das actividades do proxecto unha vez cumpridas as condicións e coa periodificación prevista no punto 4.2, no artigo 22 e concordantes do Acordo de Subvención.

Quinta. Forma de Pago, xustificación e prazos

1. O orzamento total das actividades recollidas na cláusula primeira é de 42.725,10 euros. O importe subvencionado é de 40.588,85 euros (o 95% do orzamento total)

2. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración realizará os aboamentos á entidade atendendo á forma de pago que establece o Acordo de Subvención do Proxecto 101139806 – EURES-T G-NP 24-25.

Para os efectos do réxime dos pagamentos o período de execución do programa de actividades divídese en dous subperíodos de 12 meses, de acordo co punto 4 da folla de datos e os artigos 21 e 22 do Acordo de Subvención:

- Período 1: del 01 de abril de 2024 al 31 de marzo de 2025
- Período 2: del 01 de abril de 2025 al 31 de marzo de 2026

A partir da sinatura do acordo aboarase un anticipo do 40% do total da subvención.

Co inicio do período 2, unha vez presentada a xustificación correspondentes ao período 1 poderase solicitar un segundo anticipo do 40% do total da subvención. No entanto, se a xustificación do primeiro anticipo mostra un uso inferior ao 70%, o importe do segundo minorarase polo importe da diferenza entre a cantidade usada e o dito 70%.

Coa finalización do período 2 e a presentación da xustificación dos gastos e pagos correspondentes a entidade poderá solicitar o pagamento do saldo final.

3. Se o gasto subvencionable xustificade fose superior á subvención aprobada, só se aboará este último importe.

4. Se o gasto subvencionable xustificade é inferior á subvención aprobada, só se aboará o gasto subvencionable xustificade.

5. Para a percepción dos pagamentos correspondentes á prefinanciación adicional e o pago final a entidade debe presentar informes de acordo co calendario e modalidades establecidos no punto 4.2 do Acordo de Subvención. Tanto o informe de prefinanciación adicional como o informe periódico para o pago final constan dunha parte técnica, que consiste nunha descrición xeral da execución da acción, e unha parte



financeira. Os informes presentaranse directamente no módulo de informes periódicos do sistema de xestión de subvencións do portal Funding&Tenders da Comisión Europea. A presentación dos informes e da documentación xustificativa dos gastos e pagamentos rexerá polo Acordo de Subvención e polas instrucións e normas de xestión que emita a Comisión Europea. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Oficina de Coordinación do Eures-T, revisará e aprobará os informes para a posterior presentación á Comisión Europea a través do mencionado portal.

Sexta. Incumprimentos e reintegros

1. Se algunha das actividades non se leva a cabo ou os gastos xustificados son inferiores ás cantidades transferidas a entidade estará obrigada a reintegrar a subvención anticipada ou, de ser o caso, a diferenza non xustificada.
2. Se, trala presentación do Informe Final de Actividades, algún dos gastos realizados non fosen aceptados polos servizos financeiros da Comisión Europea, a entidade estará obrigada a reintegrar o importe da subvención correspondente ao dito gasto.
3. Cando os gastos xustificados sexan claramente inferiores á cantidade concedida, adicionalmente o Comité directivo de Eures-T Galicia-Norte de Portugal poderá acordar medidas correctoras e de axuste de cara a evitar as consecuencias negativas derivadas da baixa execución do programa en sucesivas convocatorias.

Sétima. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente acordo non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto. Non se lle poderá esixir a esta consellería ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Oitava. Comisión de seguimento

A Comisión de Seguimento estará formada pola persoa coordinadora do Eures-T Galicia-Norte de Portugal, unha persoa designada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e dúas persoas designadas pola Entidade. Correspóndelle a esta comisión o seguimento e interpretación das dúbidas que se presenten.

Novena. Protección de datos persoais

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de

protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décima. Autorización

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nel sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo primeira. Natureza xurídica e xurisdición competente

Este acordo terá carácter administrativo e rexerese polo Acordo de Subvención para a realización do Proxecto 101139806 – EURES-T G-NP 24-25, polas normas de xestión que emita a Comisión Europea e polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei de subvencións de Galicia e o seu regulamento e na normativa de dereito administrativo aplicable. No caso de persistir as dúbidas ou controversias despois de reunida a Comisión de seguimento estas serán resoltas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. A xurisdición contencioso-administrativa de España será a competente para entender dos litixios que puideran xurdir.

E, en proba de conformidade cos termos do acordo, as partes comparecentes asinan no lugar e data indicados no encabezamento

POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO,
COMERCIO E EMIGRACIÓN

POLA UNIÃO GERAL DE TRABALHADORES
DE PORTUGAL

José González Vázquez

Mario Mourão

Daniel Matos

